



ANUNCIO

EXPOSICIÓN PÚBLICA DAS LISTAS COBRATORIAS DO IMPOSTO SOBRE ACTIVIDADES ECONÓMICAS DO EXERCICIO 2019

Aprobadas as **listas cobratorias do Imposto sobre Actividades Económicas do exercicio 2019** dos concellos que se relacionan e que teñen delegada a xestión tributaria nesta Deputación, mediante resolución da Tesourería da Deputación Provincial de Pontevedra e por medio do presente anuncio, se inicia o trámite de información pública establecido no artigo 24 da Ordenanza Fiscal Xeral do Órgano de xestión tributaria e recadación de recursos locais da Deputación - ORAL.

Os citados rexistros conteñen datos de carácter persoal amparados pola lei de protección de datos, polo que cada interesado poderá consultar exclusivamente e na súa integridade os rexistros relativos á súa débeda tributaria en cada un dos concellos respectivos e nas oficinas do ORAL durante o período de exposición ao público, que comprenderá dende o día **04 de setembro ao 03 de outubro de 2019, ámbolos dous días inclusive**.

Contra o acto de aprobación das citadas listas cobratorias poderá presentarse recurso de reposición no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao de finalización da exposición pública perante a Tesourería da Deputación Provincial de Pontevedra, previo ao contencioso-administrativo, de acordo co establecido no artigo 14.2 do RD Lex. 2/2004 de 5 de marzo, do texto refundido da lei de facendas locais e demais disposicións vixentes na materia.

A exposición ao público do presente anuncio ten carácter de notificación colectiva ó abeiro do artigo 102.3 da Lei 58/2003 xeral tributaria, remitíndose aos concellos incluídos a efectos da súa inserción no taboleiro de edictos.

COBRANZA EN PERÍODO VOLUNTARIO DO IMPOSTO SOBRE ACTIVIDADES ECONÓMICAS DO EXERCICIO 2019

De conformidade co previsto nos artigos 20.1 e 25 da Ordenanza Fiscal Xeral do órgano de xestión tributaria e recadación de recursos locais - ORAL, en relación co artigo 62.3 da Lei 58/2003, xeral tributaria e cos artigos 23, 24 e 25 do Regulamento xeral de recadación, de 29 de xullo de 2005, comunícaselle ás persoas interesadas que **o período voluntario de cobranza do Imposto sobre Actividades Económicas**, para os concellos que se relacionan, **será do 04 de setembro ao 04 de novembro de 2019**, ámbalas dúas datas incluídas.

O imposto poderá satisfacerse a través da Oficina Virtual Tributaria (OVT) do ORAL (<https://ovt.depo.gal>), en calquera sucursal bancaria da rede de oficinas colaboradoras publicitadas nos instrumentos de ingreso, ou a través de calquera outro modo autorizado legalmente, empregando os documentos de ingreso (recibos) que se enviarán ao domicilio declarado da persoa contribuínte por correo ordinario. No caso de perda ou non recepción do devandito instrumento poderá, ata o día 04 de novembro de 2019, obterse unha carta de pagamento na Oficina Virtual Tributaria (<https://ovt.depo.gal>) ou en calquera oficina presencial do ORAL na provincia.

O vencemento do prazo en período voluntario, sen ter satisfeita a débeda determinará o comezo do procedemento executivo, a percepción da recarga correspondente e demais conceptos esixibles, tal e como se fixa no art. 26, 28 e 161 da Lei 58/2003 xeral tributaria.





RELACIÓN DE CONCELLOS

ARBO	MOS
BARRO	NEVES, AS
BAIONA	NIGRÁN
CALDAS DE REIS	OIA
CAMBADOS	PAZOS DE BORBÉN
CAMPO LAMEIRO	POIO
CANGAS	PONTEAREAS
CAÑIZA, A	PONTE-CALDELAS
CATOIRA	PONTECESURES
CERDEDO - COTOBADE	PORRIÑO, O
COVELO	PORTAS
CRECENTE	RODEIRO
CUNTIS	ROSAL, O
DOZÓN	SALCEDA DE CASELAS
ESTRADA, A	SALVATERRA DE MIÑO
AGOLADA	SANXENXO
GONDOMAR	SILLEDA
LALÍN	SOUTOMAIOR
LAMA, A	TOMIÑO
MEAÑO	TUI
MEIS	VALGA
MOAÑA	VILABOA
MONDARIZ	VILA DE CRUCES
MONDARIZ-BALNEARIO	VILANOVA DE AROUSA
MORAÑA	



**RELACIÓN DE OFICINAS
ORAL-DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA**

OFICINA PRINCIPAL	CENTROS DEPENDENTES	DIRECCIÓN	TELÉFONO	DÍAS E HORARIO DE APERTURA
O.P. COMARCAS DO DEZA	O.P. LALÍN	Praza de Galicia, 1 – baixo (Castro Tecnolóxico). 36500 Lalín.	986 780 447	De luns a venres de 9:00 a 14:00 horas
O.P. COMARCA DE TABELRÓS – TERRA DE MONTES	O.P. A ESTRADA	Avda. Benito, 47 baixo -36680 – A Estrada	986 570 262	De luns a venres de 9:00 a 14:00 horas
O.P. COMARCA DE CALDAS E SALNÉS	O.P. CALDAS DE REIS	Rúa José Salgado, 19 baixo - 36650 Caldas de Reis	986 530 001	De luns a venres de 9:00 a 14:00 horas
	O.P. VILANOVA DE AROUSA	Rúa Cruceiro, 1 (Esquina con rúa Aromas de Leyenda) 36620 - Vilanova de Arousa	986 561 081	De luns a venres de 9:00 a 14:00 horas
	O.P. CAMBADOS	Rúa Ourense, 8 36630 Cambados	986 524 600	De luns a venres de 9:00 a 14:00 horas
	O.P. SANXENXO	Rúa Carlos Casas, 8-baixo. 36960 Sanxenxo	986 691 077	De luns a venres de 9:00 a 14:00 horas
O.P. COMARCAS DO MORRAZO E VAL MIÑOR	O.P. CANGAS	Praza das Pontes, s/n - Edificio Concello. 36940 Cangas	986 305 019	De luns a venres de 9:00 a 14:00 horas
	O.P. MOAÑA	Rúa As Barxas, 15 baixo. 36950 Moaña	986 315 018	De luns a venres de 9:00 a 14:00 horas
	O.P. NIGRÁN	Rúa Damas Apostólicas, 15-ofic, 108. 36370 A Ramallosa - Nigrán	986 350 351	De luns a venres de 9:00 a 14:00 horas
	O. AUX. BUEU	Eduardo Vicenti, 8. 36930 - Bueu	886 211 400	Luns e xoves de 9:00 a 13:30 horas
O.P. COMARCA DO BAIXO MIÑO	O.P. TUI	Rúa Coruña, 26. 36700 Tui	986 600 972	De luns a venres de 9:00 a 14:00 horas
	O. AUX. TOMIÑO	Edif. Concello, Prz. do Seixo, s/n - 36740 Tomiño	986 18 40 60	Todos os mércores de 9:00 a 13:30 horas
	O. AUX. O ROSAL	Praza do Calvario, 1 – Edif. Concello 36770 - O Rosal	986 626 298	Martes e xoves de 9:00 a 13:30 horas
O.P. COMARCA DA ÁREA DE VIGO	O.P. O PORRIÑO	Rúa O Pinar, 5- Baixo - 36400- O Porriño	986 331 817	De luns a venres de 9:00 a 14:00 horas
O.P. COMARCA DO CONDADO E PARADANTA	O.AUX. CRECENTE	Rúa Solis Ruiz, 8. 36420 - Crecente	886 211 400	Venres de 9:00 a 13:30 horas
	O.P. PONTEAREAS	Rúa Concha Brey, 4 baixo. 36860 Pontearreas	986 640 007	De luns a venres de 9:00 a 14:00 horas
	O. AUX. ARBO	Rúa Luís Cubelas, 2 Sm - 36430 Arbo	886 211 400	Mércores de 9:00 a 13:30 horas
	O. AUX. A CAÑIZA	Rúa Progreso – Edif. Xulgados. 36880 A Cañiza	886 211 400	Martes e xoves 9:00 a 13:30 horas
	O. AUX. AS NEVES	Prz. Da Cristiandade, s/n. 36440 – As Neves	886 211 400	Venres de 9:00 a 13:30 horas
	O. AUX. O COVELO	Prz. Mestre Cerviño, 2. 36872 - Covelo	886 211 400	Luns de 9:00 a 13:30 horas
COMARCA DE PONTEVEDRA	SERVIZOS CENTRAIS	Avda. de Marín, 9. 36071 – Pontevedra	886 211 400	De luns a venres de 9:00 a 14:00 horas
	O. AUX. PONTE CALDELAS	Avda. de Galicia, 17 – Edif. Concello	886 211 400	Venres de 9:00 a 13:30 horas

Este documento ha sido firmado electrónicamente por:
(28/08/2019 18:21:41) - Miguel Angel Santirso Fernández
El Tesorero

